

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE ELADIA MARIÑO
CURSO: 2º DE PRIMARIA

DATA: 10 -05 -2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
MATEMÁTICAS	
1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá.	1. Explica o proceso seguido para resolver un problema.
2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	2. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
3. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	3. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea
4. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	4. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.
5. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	5. Le, escribe e ordeia números ata o 999. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
6. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	6. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA	
1. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	1. Identifica o tema dun texto sinxelo.
2. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	2. Escribe, con axuda, diferentes textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa. Respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	3. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
4. Valorar textos como fonte de lecer e información..	4. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.
EDUCACIÓN PLÁSTICA	
1. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
2. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	3. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.
CIENCIAS NATURAIS	
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.

	Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno.
CIENCIAS SOCIAIS	
Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema.	Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema.
Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación.	Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.
Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	Explica e coñece algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
Utiliza aplicacións, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común	Participa con interese na resolución de problemas escolares
Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	Expresar con claridade sentimentos e emocións.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Como norma xeral, empregaranse os criterios do segundo nivel marcados para cada área dentro do Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na nosa comunidade. Terase en conta as circunstancias especiais de cada alumno/a para alcanzar as aprendizaxes e competencias imprescindibles.</p>
	<p>Instrumentos: Os marcados na programación xeral.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles identificados no apartado 1 do documento.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non temos.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Realización de traballos de recuperación e reforzo, necesarios para acadar as aprendizaxes e competencias imprescindibles.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Valorase a comunicación e coordinación co alumnado na realización dos traballos de recuperación. Terase en conta as limitacións individuais, as medidas de atención educativa, as dificultades tecnolóxicas e familiares.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Avaliación continua e global.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades van dirixidas, por un lado, a reforzar contidos traballados durante o curso, e por outro, a ampliar contidos que teñan unha base conceptual xa traballada en cursos anteriores. Terase en conta, aqueles bloques de contidos que se consideran imprescindibles para acometer con garantías o novo curso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía a utilizar consistirá principalmente no uso dos recursos educativos que a rede nos pode proporcionar, alternando actividades de reforzo de tipo individual, de investigación, propostas motivadoras e de traballo colaborativo. Terase en conta as medidas de atención educativa, propostas polo Departamento de Orientación, e adaptaranse as distintas propostas ao alumnado, segundo as necesidades. Traballarase os contidos transversais, en colaboración con todo o equipo docente.
Materiais e recursos	Recursos educativos dixitais, libro, caderno. Uso de plataformas educativas para comunicarnos e entregar os traballos, blog de aula (AMIGUIÑOS TODOS), pág. Web do centro e outras.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Correo electrónico. Plataforma dixital (Classroom). Páxina web do Centro. TokApp. Blog de aula (AMIGUIÑOS TODOS).
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.